

Ola, nenos e nenas de 6º!

Ánimo, que cada vez queda menos ! Xa vedes en que pouco tempo pasaron case dúas semanas dende que este virus nos obrigou a este parón xeral.

Como ben sabedes, as tarefas que levastes para a casa ou que descargastes da páxina do cole estaban programadas para dúas semanas así que agora toca un novo envío para facer nos vindeiros días.

Xa vos dixemos a través das nosas mensaxes que non vos desbordarades, que repartirades as tarefas e que dedicarades tempo para estar en familia.

A proposta que agora facemos vai na mesma liña:

-As actividades das linguas van encamiñadas a afianzar todo o que levamos traballado ao longo do curso e que practicamente abranguen os estándares de aprendizaxe establecidos para 6º.

-As de mate inclúen un pouco de todo, sobre todo comprensión e resolución de problemas. Imos deixar a xeometría para cando volvamos á aula.

-En naturais ides demostrar a capacidade de resolver, a ser posible por vós mesmos, as cuestións que se vos plantexan sobre un tema novo, pero xa traballado con profundidade o curso pasado. Só o libro e a vosa capacidade de comprensión son os recursos que precisades para vos enfrontar a ese reto.

-En sociais seguimos tamén a avanzar posto que o que vos propoñemos é a continuidade do último que estivemos vendo: Europa. Lembra que temos que preparar os mapas así que co voso libro (Tema 1), atlas e os enlaces que vos propoñemos ides realizar as tarefas propostas.

<https://mapasinteractivos.didactalia.net/gl/comunidade/mapasflashinteractivos>

<http://auladelinguagalega.blogspot.com/2013/09/mapas.html>

Moito ánimo e oxalá estas sexan as últimas actividades que vos teñamos que propor por este medio. Pensade que o verdadeiro reto estamos a conseguilo:

Vencer sen saír das nosas casas!

Unha forte aperta dos vosos profes!!

#euquedonacasa.